

PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

enoturismo
galicia

**RUTA DO VIÑO
MONTERREI**
Do 2 ao 4 de Maio

**RUTA DO VIÑO
VALDEORRAS**
do 9 ao 11 de Maio

**RUTA DO VIÑO
RÍAS BAIXAS**
Do 16 ao 18 de Maio

**RUTA DO VIÑO
RIBEIRA SACRA**
Do 23 ao 25 de Maio

**RUTA DO VIÑO
O RIBEIRO**
30 de Maio
ao 1 de Xuño



ENOTURISMO GALICIA

PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

Nas redes sociais de Turismo de Galicia realizaremos tres concursos por cada Ruta do Viño nos que sortearemos en total 15 premios consistentes no aloxamento da noite do sábado para dúas persoas en cuarto dobre nun dos establecementos asociados participantes máis o xantar do **domingo** nun restaurante socio da Ruta.

Segue as nosas redes sociais
e participa!

<https://www.facebook.com/Turgalicia>
[@turismodegalicia](https://www.instagram.com/turismodegalicia)
www.turismo.gal

A través da marca Enoturismo Galicia, da que forman parte o Clúster Turismo de Galicia e as cinco Asociacións das Rutas dos Viños das Denominacións de Orixe galegas (Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras), enmárcase unha estratexia xeral de promoción que pretende incentivar o desenvolvemento do enoturismo na nosa Comunidade Autónoma. E é precisamente baixo este paraugas que Turismo de Galicia, en colaboración con estas cinco entidades impulsoras das Rutas dos Viños galegas, organiza, un ano máis, outra edición do "Enoturismo Galicia, Primavera de portas abertas".

En que consiste?

Trátase dun programa de actividades de enoturismo desenvolvido, de maneira conxunta e simultánea, nos cinco grandes territorios vitivinícolas galegos.

Durante cinco fins de semana entre os meses de maio e xuño poderás facer visitas guiadas e gratuítas ás adegas participantes nesta promoción. Todas terán as súas portas abertas para ti durante a fin de semana da campaña*. Ao finalizar a visita ofreceranche como agasallo unha degustación dalgún dos seus viños .

Tamén atoparás diferentes establecementos de restauración onde poderás escoller menús concibidos especialmente para esta ocasión, harmonizados con viños da Denominación de Orixe na que te atopes.

En cada Ruta poderás realizar ademais un completo plan de actividades durante a fin de semana: autobuses do viño, catas comentadas, visitas a museos, rutas monumentais, paseos en barca, descontos en aloxamentos e outras accións relacionadas co mundo do viño.

*Realizaranse tres visitas guiadas o sábado e unha o domingo, co seguinte horario de atención ao público:

- **Sábado:** 11.00 h ,12.30 h e 17.00 h
- **Domingo:** 12.00 h

Recoméndase confirmar as visitas ás adegas previamente por teléfono



ruta
do viño
VALDEORRAS

PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

Do 9 ao 11 de Maio

Buses do viño

Servizo de transporte para visitar adegas o sábado 10 e do domingo 11 de maio durante todo o día. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico.

❶ MÁIS INFORMACIÓN:

Ruta do Viño Valdeorras Tel.:
604 078 753
(de 09.00 h a 18.00 h)
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

Prezo: 10 € / adult@ - 5 € / nen@ (de 3 a 13 anos)
O xantar non está incluído
Prazas limitadas, recoméndase reserva previa


Sábado | 10 de maio

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
1	09.45 h Ponferrada (Albergue de Peregrinos)	11.00 h Santuario de Santa María das Ermidas 12.30 h Adegas Alan de Val 14.00 - 16.00 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras ou no restaurante do Hotel Monumento Pazo do Castro 16.30 h Bodegas Godeval 18.30 h Bodega Roandi	20.45 h
2	09.15 h Ourense (Parque de San Lázaro, con parada na gasolinera GALP de Monforte de Lemos para recoller máis participantes)	11.00 h Adegas Terriña 12.45 h Castelo do Bolo 14.15 - 16.15 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.30 h Adegas A Coroa 18.15 h Adegas O Luar do Sil	21.00 h
3	08.15 h A Coruña (parada de buses xunto ao Obelisco)	11.15 h Bodega Roandi 13.00 h Adegas Joaquín Rebolledo 14.30 - 16.30 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.45 h Adegas Alan de Val	21.15 h

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
4	08.15 h Santiago de Compostela (parada de buses da Praza de Galicia)	11.00 h Adegas Melillas e Fillos 13.15 h Adegas A Coroa 14.45 -16.45 h Tempo libre para xantar na Rúa 17.00 h Adegas Sampayolo	21.00 h
5	08:15 h Vigo Avda. de Madrid (xunto a clínica Concheiro)	11.15 h Adegas O Casal 13.00 h Adegas O Cepado 14.30 – 16.30 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras ou no restaurante Paladium 17.00 h Adegas Terriña	21.00 h
6	08.15 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel)	11.15 h Cova da Xabreira 12.45 h Adegas Sampayolo 14.30 – 16.30 h Tempo libre para xantar na Rúa 17.00 h Adegas O Casal	21.30 h





Domingo | 11 de maio

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
1	08.30 h A Coruña (parada de buses xunto ao Obelisco)	11.15 h Adegas Melillas e Fillos 13.00 h Adegas O Cepado 14.30 - 16.30 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.45 h Bodegas Godeval	21.00 h
2	08.30 h Vigo Avda. de Madrid (xunto a clínica Concheiro)	11.15 h Cova da Xabreira 12.45 h Adegas O Luar do Sil 14.15 - 16.15 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.30 h Adegas Joaquín Rebolledo	21.00 h

 A organización resérvase o dereito a modificar o programa en función da dispoñibilidade dos espazos e establecementos a visitar, así como o dereito a anular algunha das actividades ou rutas do bus en caso de non chegar a un mínimo de 12 participantes. O aforo máximo do autobús é de 20 persoas. O xantar non está incluído. Os horarios de chegada son aproximados.

ACTO DE INAUGURACIÓN DA PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS





Inauguración por parte do presidente da Ruta do Viño Valdeorras e cóctel de benvida, acompañado dunha actuación musical.

-  Venres 9 de maio, de 20.00 a 22.00 h.
-  Gratuíto
-  Hotel Monumento Pazo do Castro (O Barco de Valdeorras)
-  **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño Valdeorras
Tel.: 604 078 753 (de 09.00 h a 18.00 h)
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

ENTRE COVAS E GODELLOS DE VALDEORRAS






A Ruta do Viño organiza unha visita guiada a tres "covas" típicas de Valdeorras. As covas son adegas soterradas onde tradicionalmente se elaboraba e conservaba o viño; están presentes en case toda a bisbarra.

As adegas "cova" son ademais un espazo de convivencia, hospitalidade e de conversación mentres se proba o viño. A primeira cova que visitaremos será a da adega Joaquín Rebolledo, onde remataremos cunha degustación de dous viños acompañada de petiscos típicos da zona. Despois achegarémonos á adega A Coroa, pasearemos polos seus viñedos mentres escoitamos as explicacións sobre a orientación das viñas, a disposición do terreo, a importancia do chan e o ciclo evolutivo da vide. Despois dirixirémonos ás súas instalacións, onde nos falarán dos diferentes procesos de vinificación; remataremos na súa cova cunha degustación de viños acompañada dun aperitivo. Posteriormente visitaremos a cova -do século XVII- e a adega Melillas e Fillos, onde seguiremos coñecendo máis aspectos da vinificación. A xornada rematará cun almorzo de produtos típicos galegos: embutidos, empanada e queixos, acompañados de viños da bodega.

-  Domingo 11 de maio, de 10.15 a 16.00 h.
-  30 € / persoa
-  Saída dende o Parque de San Roque (A Rúa)
-  **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño Valdeorras
Tel.: 604 078 753 (de 09.00 h a 18.00 h)
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com






SHOWCOOKING "DEGUSTA VALDEORRAS"

Para os amantes da cociña galega con toques vangardistas e dos viños de Valdeorras, a Ruta do Viño organiza esta actividade dirixida por un cociñeiro do grupo "Cociña Ourense", que estará ao mando dos fogóns, e por Jorge Mazaira (Director técnico do Consello Regulador), quen realizará a maridaxe dos pratos coas diferentes referencias de viños do territorio. Proporanse catro elaboracións inspiradas na "cociña de mercado", presentadas dun xeito innovador e creativo, que serán degustadas acompañadas doutros tantos viños diferentes.

-  Sábado 10 de maio, de 13.00 a 14.30 h.
-  25 € / persoa
-  Grupo mínimo de 15 participantes, máximo 25
-  Complexo Hostaleiro Paladium
-  **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño Valdeorras
Tel.: 604 078 753 (de 09.00 h a 18.00 h)
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

CATA DE PRIMAVERA

Cata de produtos representativos da estación primaveral, con degustación de petiscos elaborados con ingredientes de tempada, harmonizados con viños frescos e florais. Esta actividade estará conducida pola sommelier Mercedes González e terá lugar na terraza do aloxamento A Pontevela, dende a que poderemos gozar dunhas maravillosas vistas da ponte de Sobradelo, se o tempo o permite.

-  Domingo 11 de maio, de 12.00 a 13.30 h.
-  15 € / persoa
-  Grupo mínimo de 10 persoas, máximo 20
-  A Pontevela (Sobradelo)
-  **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño Valdeorras
Tel.: 604 078 753 (de 09.00 h a 18.00 h)
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

ACTIVIDADES NO CONCELLO DO BOLO

Visita Guiada ao Santuario de Santa María das Ermidas

Visita guiada pola técnico de Turismo, Soledad Figueroa, ao santuario centenario, declarado BIC no ano 2006.

- 🕒 Venres 9, sábado 10 e domingo 11 de maio, de 10.00 a 12.00 h
- € Gratis

Visita Guiada ao Castelo do Bolo

Visita guiada pola técnico de Turismo, Soledad Figueroa, ao castelo medieval do Bolo a ao Museo de Yosso.

- 🕒 Venres 9, sábado 10 e domingo 11 de maio, 12.30-14.30 h as visitas ao castelo. Ao museo só o sábado, ás 12.30 h, baixo reserva previa.
- € 2 €/ persoa, grupos de mais de 10 persoas 0'50 €, 1 € xubilados e gratis os veciños do municipio.
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Concello do Bolo
Tel.: 606 017 105
www.obolo.es
turismo.concellodobolo@gmail.com

#PASEAOBARCO

O Concello do Barco de Valdeorras organiza un percorrido pola beira do río Sil dirixido pola responsable de Turismo da Oficina de Dinamización Turística, quen nos contará a historia do Barco, do malecón, do porto da barca...

- 🕒 Sábado 10 de maio, ás 17.00 h
- € Gratis
Grupo máximo 25 persoas
Saída dende o Campo da Festa (O Barco de Valdeorras)
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Oficina de Dinamización Turística do Barco de Valdeorras
Tel.: 604 076 918
www.concellodobarco.gal
infoturismo@concellodobarco.org

PARQUE NATURAL SERRA ENCIÑA DA LASTRA

Visita ao parque natural ubicado no concello de Rubiá, onde a aciñeira, que dá nome ao parque, ten historia de seu. Esta árbore significa clima mediterráneo e solos calcarios, por iso resulta escasa no resto do territorio galego. Observaremos tamén outras árbores como sobreiras, rebolos, amendoeirás, oliveiras, convivindo con vellos castiñeiros. O parque posúe un gran número de "palas", covas (aquí está a meirande rede de cavidades subterráneas de Galicia). A fauna da serra está composta por aves rapaces, morcegos e un gran número de invertebrados ligados ao característico clima desta zona, o de menor pluviosidade de toda a comunidade autónoma.

- 🕒 Venres 9, sábado 10 e domingo 11 de maio: de 10.30 a 14.30 h e de 16.00 a 19.30 h
- € Visita libre e gratuíta
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Centro de visitantes Parque natural Serra da Enciña da Lastra
Tel.: 988 783 055
<https://patrimonionatural.xunta.gal/servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.gal>

MUNDO GARNACHA

Bodegas Sampayolo ofrécenos a posibilidade de facer elaboracións de viño coa uva Garnacha Tintorera, segundo as anadas, e observar o seu potencial. As elaboracións acompañaranse de petiscos.

- 🕒 Venres 9 e sábado 10 de maio, ás 19.00 h
- € 20 € / persoa
Grupo máximo 20 persoas
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Bodegas Sampayolo
Tel.: 679 157 977
www.sampayolo.com
info@sampayolo.com

ACTIVIDADES OFERTADAS POLO ESTABLECEMENTO ECO DOS TEIXOS

O centro de actividades da natureza Eco dos Teixos organiza dúas actividades diferentes:

Teixadal de Casaio

Ruta guiada interpretativa ao Teixadal de Casaio, un bosque ancestral que agocha un dos ecosistemas forestais máis antigos da península. Descubriremos fervenzas e refuxios da guerrilla, xa que no Teixadal natureza e historia danse a man aos pés de Pena Trevinca, o cumio máis alto de Galicia. Para finalizar, realizaremos un brinde con viño da Denominación de Orixe na taberna de Eco dos Teixos. Requírese reserva previa.

- 🕒 Sábado 10 de maio, de 09.00 a 16.00 h
- € 32 € / persoa
Grupo máximo de participantes: 8
Idade mínima: 16 anos

A Cidade dos Alemáns

Visita ás minas de volframio explotadas polos nazis durante a Segunda Guerra Mundial. Descubriremos este poboado levantado en poucos anos a raíz da febre do volframio e abandonado entre as montañas de Trevinca. Para finalizar, realizaremos un brinde con viño da Denominación de Orixe na taberna de Eco dos Teixos. Requírese reserva previa.

- 🕒 Domingo 11 de maio, de 10.00 a 14.30 h
- € 22 € / persoa
Grupo máximo de participantes: 15
Idade mínima: 16 anos
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Eco dos Teixos
Tel.: 669 724 206
www.ecodosteixos.com
ecodosteixos@gmail.com

ACTIVIDADES DA ADEGA ALAN DE VAL

Visita á cova e á adega. Cata de Viños

Gozaremos dun percorrido que combina historia, innovación e os sabores únicos da nosa terra. Descubriremos a tradición vinícola de Alan de Val coa visita guiada á súa antiga cova de elaboración de viño. A continuación, trasladarémonos á adega, onde coñeceremos o proceso actual de elaboración. Durante a visita degustaremos tres das súas referencias, acompañadas duns petiscos típicos da zona.

- 🕒 Sábado 10 de maio, ás 12.00 h
- € 15 € / persoa
Reservas só mediante chamada telefónica.

Da viña á copa

Os participantes descubrirán in situ como as características do solo, o clima, o coidado e a condución da vide inflúen no resultado final. A actividade consta dun percorrido polo viñedo, cunha explicación e cata comentada dunha selección de tres referencias da adega, acompañadas duns petiscos típicos da zona.

- 🕒 Domingo 11 de maio, ás 12.00 h
- € 15 € / persoa
Reservas só mediante chamada telefónica.

MÁIS INFORMACIÓN:

Adega Alan de Val
Tel.: 636 727 848
www.alandeval.com
alandeval@alandeval.com

RUTA GUIADA EN SEGWAY ENTRE SENDEIROS E VIÑEDOS DE VALDEORRAS

A empresa de servizos Enoturismo Galicia organiza unha excursión en segway coa que nos somerxeremos na beleza natural do Aguillón da Rúa. Percorreremos sendeiros rodeados de viñedos, gozando da contorna dun xeito divertido e sen esforzos. Acompañados dun guía experto descubriremos paisaxes sorprendentes, bosques engaiolantes e recunchos cheos de vida. Un plan perfecto para os amantes da natureza que queren explorar sen présa e con total comodidade.

- 🕒 Sábado 10 de maio, entre as 10.00 e 18.00 h (a actividade dura aproximadamente unha hora)
- € 25 € / persoa
Grupo mínimo 8 persoas. A actividade farase en grupos de 4 persoas (máis o guía)
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Enoturismo Galicia
Tel.: 676 101 649
www.enoturismogalicia.es
info@enoturismogalicia.es



CATA MARIDAXE

Hotel Calzada organiza unha cata harmonizada de tostados e escumosos de Valdeorras dirixida pola enóloga Cecilia Fernández.

🕒 Sábado 10 de maio, ás 12.00 h

€ 37 € / persoa

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Hotel Calzada

Tel.: 988 307 734 / 638 378 113

www.hotelcalzada.com

info@hotelcalzada.es

AS CARAS DO VIÑO

A Tenda da Rita, establecemento de comercio especializado, ofrece unha experiencia que materializa a simbiose dos viños de Valdeorras e o carácter do seu adegueiro, viticultor, etc, dependendo do tipo de viño elixido da adega. Como se amosan eses viños e como se reflicte o carácter do adegueiro ou persoa representativa nesa expresión do viño. Viño e adegueiro, coma dúas gotas de auga. A actividade irá acompañada dunha pequena exposición fotográfica de rostros que inspiran cada grollo. Acompañarase duns petiscos pensados para a ocasión.

🕒 Sábado 10 de maio, ás 19.00 h

€ 20 € / persoa

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

A Tenda da Rita

Tel.: 634 122 958

www.atendadarita.com

hola@atendadarita.com

CEA-CÓCTEL

O establecemento A Pontevela organiza unha cea cóctel con viños da Denominación de Orixe Valdeorras. Haberá música e, se o permiten as condicións meteorolóxicas, celebrarase no xardín do establecemento, sobre o río Sil.

🕒 Sábado 10 de maio, ás 20.30-21.00 h

€ 35 € / persoa

Grupo mínimo 20 persoas

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

A Pontevela

Tel.: 624 003 432 / 988 322 022

www.alojamientopontevela.com

info@alojamientopontevela.com

reservas@alojamientopontevela.com



Adegas participantes

Adegas participantes en Enoturismo Galicia, Primavera de portas abertas



- Manuel Vázquez Losada
- Pazo de Valdeconde
- Terras do Cigarrón
- Triay
- Vía Arxénte



- A Coroa
- Bodega Roandi
- Bodegas Godeval
- Adegas Melillas e Fillos
- Adegas Alan de Val
- Adegas O Casal
- Adegas O Cepado
- Cova da Xabreira
- Joaquín Rebolledo
- O Luar do Sil
- Sampayolo
- Terriña



- Adegas e Viñedos Paco & Lola
- Adegas Eidos
- Adegas Galegas
- Adegas Terra de Asorei
- Adegas Valmiñor
- Bodega Casa da Barca
- Bodega Viña Cartín
- Bodegas As Laxas
- Bodegas Fillaboa
- Bodegas Martín Códax
- Bodegas Santiago Ruíz
- Bodegas Viña Nora
- Bodegas Vionta
- Bouza de Carril
- Lagar da Cachada
- Lagar de Fornelos
- Mar de Frades
- Pazo de Rubianes
- Quinta Couselo
- Señorío de Rubiós
- Terras Gauda
- Torre Penelas



- Adegas Vella
- Amedo
- Bodega Proencia
- Bodega Ribada
- Cachín
- Condado de Sequeiras
- Finca Míllara
- Ponte da Boga
- Rectoral de Amandi
- Ronsel do Sil
- Val de Quiroga
- Vía Romana



- Adegas Pousadoiro
- Adegas Celme
- Bodegas Cunqueiro
- Casal de Armán
- Cuñas Davia
- Licores Os Maios
- Pazo de Vieite
- Ramón do Casar
- Terra do Castelo
- Viña Costeira

Ilustración portada:
Sonia Gallego Sotelo

Deseño:
C&C

Edición:
Turismo de Galicia

Equipo técnico:
Santiago X. Bacariza Cortiñas
M^a Pilar Maquieira Ron

Impresión:
GRÁFICAS LASA S.L.

Depósito Legal: C 342-2025

Neste mapa atoparás información sobre...

Os establecementos participantes, os seus teléfonos de contacto e a súa localización numerada no mapa. As actividades e ofertas especiais de aloxamento durante o "Enoturismo Galicia, Primavera de portas abertas". Distancias quilométricas por estrada entre poboacións.



O ENOTURISMO DE GALICIA NO TEU MÓBIL

A aplicación Enoturismo en Galicia pode descargarse gratuitamente dende as tendas de aplicacións das plataformas iOS e Android. A información proporciónase en galego, castelán e inglés, optando o usuario polo idioma que prefira. Esta ferramenta ofrece información sobre todos os establecementos adheridos ás cinco Rutas dos Viños de Galicia: adegas, destilerías, restaurantes, aloxamentos, empresas de lecer, museos, oficinas de información turística, axencias de viaxes especializadas, enotecas, etc. facilitando deste xeito ao usuario o coñecemento do enoturismo da nosa Comunidade Autónoma.

Cada unha das cinco Denominacións de Orixe galegas -Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras- son presentadas amosando as características dos seus territorios e dos seus viños. Esta aplicación permite obter unha información precisa de cada recurso xa que automaticamente posibilita realizar unha chamada telefónica, enviar un correo electrónico ou acceder directamente á web propia de cada establecemento, así como tamén ofrece información práctica de como chegar ao mesmo directamente a través de "Google maps".

www.turismo.gal

#primaveradeenoturismo

